



# EDUCANDO EN VALORES EDUCAMOS PARA A LIBERDADE

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

## EDUCANDO EN VALORES EDUCAMOS PARA A LIBERDADE

### **Cidadanía: con plenos dereitos civís e políticos**

Para quen pense que a escola forma a futuras traballadoras e traballadores pode parecerlle irrelevante a substitución de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos (EpC) por Educación Cívica e Constitucional. Para o STEG, porén, supón un paso atrás no recoñecemento de que a escola, a través tanto do currículo explícito como do chamado currículo oculto, educa en valores e serve, fundamentalmente, á socialización do alumnado. Cómpre, xa que logo, que os valores nos que eduque sexan inclusivos, plurais, respectuosos coa diversidade... valores que son o motivo polo que esta asignatura se gañou o rexeitamento dos sectores máis conservadores da sociedade.

Difícilmente se pode obxectar a unha materia que, segundo o Real Decreto 1631/2006, ten por obxectivo ***“favorecer o desenvolvemento de persoas libres e íntegras a través da consolidación da súa autoestima, a dignidade persoal, a liberdade e a responsabilidade e a formación de futuros cidadás con criterio propio, respectuosos, participativos e solidarios, que coñezan os seus dereitos, asuman os seus deberes e desenvolvan hábitos cívicos para que poidan exercer a cidadanía de xeito eficaz e responsable”***. Ten sido, sen embargo, a obxección dun par de centos de familias -dun total de 800.000 alumnas e alumnos en todo o estado- os que finalmente conseguen desterrar do currículo escolar a milleiros de familias monoparentais, multiparentais, homosexuais... presentes na nosa sociedade e que precisan ser visibilizadas na escola para que ésta non sexa un axente de reprodución da discriminación que aínda, sen dúbida, sufren na actualidade. Indigna, ademais, que o ministro Wert o faga denunciando un suposto adoutramento -cando EpC trata de dereitos humanos, incluídos os sexuais que tanto o parecen ofender- esquecendo que non ten lexitimidade ningunha para falar de adoutramento na escola mentras manteña nela a relixión.

Desde o STEG queremos denunciar a involución ideolóxica á que nos quere levar este goberno que, recén estreado, recorta non só dereitos sociolaborais, senón tamén dereitos humanos que garanten a dignidade das persoas. Son os fundamentos mesmos da sociedade democrática os que están en xogo, como recoñeceu o Consello de Europa no ano 2002 ao recomendar aos Gobernos dos Estados que fixeran de educación para a cidadanía democrática un obxectivo prioritario das políticas e reformas educativas.

A pesares da indignación que nos provoca o feito de que o PP volva a empregar a mesma estratexia que utilizou no noso país co tema da lingua -dar voz a minorías extremistas proxectando unha imaxe de conflito onde non o hai para, en nome dunha falsa liberdade, recortar en igualdade- desde o STEG confiamos en que a educación en valores, só verdadeira cando o é de xeito transversal, non só non desapareza dos nosos centros educativos senón que a súa preservación sexa asumida por todo o profesorado.

Porque como dictaminou o TSJC, a ***“ética non pode ser neutra”***. A nosa ética profesional, tampouco.

Febreiro de 2012

Permanente do Secretariado Nacional do SEG